



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN TERRITORIAL DE ASOCIACIÓNS PROVINCIAIS DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DE GALICIA (FETEGA) PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES NO ANO 2018

Santiago de Compostela, 18 MAI 2018

REUNIDOS

Dunha parte:

Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e en virtude do establecido no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:

Dona María Luísa Ansorena Horteiga, con D.N.I. 32110791P, que actúa en virtude da súa condición de presidenta, en nome e representación da Federación Territorial de Asociacións Provinciais de Pensionistas e Xubilados de Galicia, en adiante FETEGA, con CIF G32193138, conforme figura nos seus Estatutos, con domicilio social en rúa Arco, 5-7 1º A Coruña.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorga-lo presente convenio.

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

III. Que a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, segundo o establecido no Decreto 177/2016, do 15 de febreiro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, ten entre as súas funcións e competencias ás relativas á atención das persoas maiores, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Neste eido, correspóndelle a planificación xeral dos servizos sociais coordinando a súa actuación coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de atender de forma ordenada e global as necesidades, render os recursos dispoñibles e garantir a calidade na prestación de servizos.

IV. Que FETEGA figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-775, sendo a súa finalidade estudar e propoñer a resolución a tódolos problemas que teñen os xubilados e pensionistas, así como informar, difundir, orientar e asesorar a tódalas asociacións e coordinar as actividades das asociacións provinciais a ela adheridas; pola súa banda FETEGA levará a cabo as actividades de formación, benestar, envellecemento activo, culturais e sociais dirixidas ós seus colectivos.

V. Que ambas partes son conscientes do papel activo que deben desenvolver as persoas maiores na sociedade, tendo ademais en conta que son un colectivo cada vez máis numeroso e con maior formación e información, polo que é preciso desenvolver programas que promovan o envellecemento activo adaptados aos novos perfís e situacións sociais das persoas maiores en Galicia e que fomenten a súa integración e participación na sociedade, a través de medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento deste tipo de programas por parte do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas maiores, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

VI. Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, conforme ao previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, en tanto que se trata de persoas maiores, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

VII. Que FETEGA está constituída polas asociacións provinciais da Coruña, Ourense e Pontevedra ademais de varias asociacións locais da provincia de Lugo (véxase anexo).

VIII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, FETEGA debe ser considerada como unha entidade singular xa que é a única federación de iniciativa social de ámbito autonómico especializada en estudar e propoñer a resolución a tódolos problemas que teñen os xubilados e pensionistas, así como informar, difundir, orientar e asesorar a tódalas asociacións e coordina-las actividades das asociacións provinciais a ela adheridas.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento das súas actividades, con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social para o financiamento das actividades dirixidas ós maiores que FETEGA ten previsto desenvolver durante o ano 2018 e que se concretan en programas de formación, benestar e envellecemento activo así como un programa cultural e social, a través das actuacións que se recollen na cláusula segunda

SEGUNDA.- Actuacións subvencionables

1) Programas de formación, benestar e envellecemento activo:

Clases de francés, talleres de pintura e manualidades, club de lectura, taller de memoria, clases de informática, coro, teatro, ximnasia de mantemento, difusión e asesoramento ás entidades provinciais e locais.

2) Programa cultural e social

Obradoiros de novas tecnoloxías-tic, primeiros auxilios, ximnasia no fogar, hábitos de vida saudable e chan pélvico. Charlas- coloquio sobre demencia e sobre alimentación san. Xuntanzas bimensuais dos socios para a mellora das relacións sociais.



XUNTA DE GALICIA

3) Viaxes culturais, visitas a museos, empresas e entidades públicas.

En base ao acordo adoptado pola xunta directiva de FETEGA, de data 18 de febreiro de 2016, con cargo ao orzamento deste convenio, o 20% do mesmo dará cobertura a actividades que desenvolve FETEGA en colaboración coas súas entidades asociadas

TERCEIRA.- Orzamento

A Consellería de Política Social para a execución destas actividades achegará a FETEGA para o ano 2018 a cantidade de **trinta e dous mil trescentos corenta (32.340,00 euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 12.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2018 e que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

CUARTA.- Obrigas da entidade

FETEGA deberá cumprir tódalas obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e deberá cumprir tódolos requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño; sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

1. Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e do disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle á entidade concedinte a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.



XUNTA DE GALICIA

5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
7. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
8. Incorporar de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e ter en conta a perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento das actuacións que son obxecto do presente convenio de colaboración. Na memoria final de execución que se presente, desagregarase por sexo toda a información relacionada co obxecto do convenio que se refira a persoas. Así mesmo, na documentación e material que se xere, empregaranse linguaxe e imaxes non sexistas.
9. Deseñar e desenvolver as actuacións obxecto do presente convenio tendo en conta ás necesidades e demandas das persoas con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
10. Incluír dentro da súa programación actividades promovidas e financiadas pola Consellería de Política Social destinadas:
 - Á promoción da saúde e o benestar: a través de obradoiros nos que se aborden aspectos relativos ao sono, a hábitos de vida saudables, a prevención de caídas, a exercicio físico, etc.
 - Ao desenvolvemento persoal e ciclo vital: a través de obradoiros que aborden temáticas relativas á toma de decisións, ás relacións , á planificación e xestión do tempo persoal, etc.
 - Á exercitar habilidades sociais e a promover a participación e o voluntariado.
 - Ao uso e manexo das novas tecnoloxías.



XUNTA DE GALICIA

11. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

12. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA.- Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

1. Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
2. Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA.- Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA.-Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:



XUNTA DE GALICIA

- a) Efectuarase un pagamento do 30 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) Poderán acordarse, ata o 80% do total da subvención concedida, incluíndo nesta porcentaxe a contía pagada con carácter de anticipo, ata, como máximo, dous pagamentos parciais na medida que a entidade xustifique debidamente os gastos realizados, previa acreditación do emprego das cantidades concedidas mediante certificación, expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes-facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así mesmo achegarse a certificación do órgano competente relativa ao cumprimento dos fins das cantidades obxecto deste convenio.
- c) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio

Con carácter previo a calquera pagamento consultarase de forma automática o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. Presúmese a autorización para esta consulta. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común e achegar os documentos correspondentes.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, FETEGA queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA: Documentación xustificativa

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2018**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas



XUNTA DE GALICIA

pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do proveedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor.

Para os efectos de xustificación, FETEGA remitirá á Dirección Xeral de Maiores de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, xunto coa xustificación do 20% restante ou, en todo caso, coa última xustificación do emprego da cantidade restante ata a totalidade do proxecto e en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2018**:

- a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro deste convenio en cada centro.
- b) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes-facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Certificación expedida polo representante da asociación relativa a que as achegas da Consellería de Política Social foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación coa data límite da primeira quincena de febreiro de 2019.

NOVENA.- Incumprimentos, reintegros e sancións.



XUNTA DE GALICIA

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Incumprimento parcial: sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da axuda subvencionable do obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA- Inexistencia de relación laboral

FETEGA queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

FETEGA asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de impartir a formación ou levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes contratantes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.



XUNTA DE GALICIA

DECIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes de FETEGA. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, de 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o 10 de decembro de 2018, segundo se recolle no establecido na cláusula oitava deste convenio.

DECIMO TERCEIRA.-Publicidade

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.



XUNTA DE GALICIA

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Por outra banda FETEGA adquire tamén os compromisos e obrigas de: dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: “financiado pola Consellería de Política Social”.

DÉCIMO CUARTA.-Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución do mesmo, e FETEGA obrígase ao cumprimento da normativa establecida na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento. Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico ao seguinte enderezo: sxt.politicasocial@xunta.gal.

DÉCIMO QUINTA.-Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no



XUNTA DE GALICIA

Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A subscrición deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de un mes, se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

O conselleiro de Política Social

A presidenta de FETEGA

José Manuel Rey Varela

María Luisa Ansorena Hortega

ANEXO

FEDERACIÓN TERRITORIAL DE XUBILADOS E PENSIONISTAS DE GALICIA-UDP (FETEGA)

FETEGA conta con 19.000 persoas socias/beneficiarias repartidos entre as seguintes asociacións provinciais e locais:

A CORUÑA:

- UDP A CORUÑA
- UDP CARBALLO
- FUNDACIÓN O FAROLEIRO - CARIÑO
- DECANOS DE PERILLO
- UDP MERA
- UDP OLEIROS
- UDP SANTIAGO DE COMPOSTELA
- UDP SOFAN
- UDP VERDILLO
- ASOCACIÓN VIÚVOS E VIÚVAS
- GRUPO DE MAYORES DE TELEFÓNICA
- ASOCIACIÓN REGIONAL DE GALICIA DE EMÉRITOS DE IBM
- UNIDADE PARAPLÉXICOS DE A CORUÑA

OURENSE:

- UDP DO BARCO DE VALDEORRAS
- UDP DO CUDEIRO
- UDP BANDE
- UDP CHANDREXA DE QUEIXA



XUNTA DE GALICIA

- UDP LAROUCO
- UDP POBRA DE TRIVES
- UDP RAIRA
- UDP RÚA
- UDP VILAMARTÍN DE VALDEORRAS

PONTEVEDRA:

- UDP VIGO
- UDP O GROVE
- UDP REDONDELA

LUGO:

- UDP CASTRO DE REI
- UDP OUTEIRO DE REI
- UDP PALAS DE REI
- UDP A FONSAGRADA
- UDP FOZ
- UDP PORTOMARÍN
- UDP MEIRA
- UDP MONTERROSO
- UDP PASTORIZA
- UDP POL
- UDP RIOTORTO
- UDP TABOADA
- UDP LOURENZÁ



XUNTA DE GALICIA

- UDP BALEIRA
- UDP COSPEITO
- UDP MONDOÑEDO
- UDP PONTENOVO
- UDP TRABADA